



En cumprimento do disposto na base quinta da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 23 de maio de 2017, pola que se convoca concurso de traslados para a provisión de diversas prazas básicas de persoal estatutario licenciado sanitario do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 105, do 5 de xuño), esta Dirección, como órgano convocante do proceso, ACORDA:

Primeiro.- Designar aos seguintes profesionais como integrantes da Comisión de valoración da capacidade funcional prevista na indicada base:

- D^a M.^a Isabel González García

Facultativo especialista de Medicina do Traballo. Subdirección Xeral de Programas de control de riscos ambientais para a saúde.

- D. Carlos Alberto Sáez Taboada

Técnico Superior de Prevención de Riscos Laborais. Servizo Central de Prevención de Riscos Laborais e Condicións de Traballo

- D^a M^a Jesús Rúa Moure

Técnico da Función Administrativa. Subdirección Xeral de Selección e Políticas de Persoal

Segundo.- A Comisión será asistida, nas funcións de secretaría, por D^a M^a José Ríos Carro, Xefa do Servizo de Selección Fixa e Provisión da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro.- Os membros da Comisión deberán gardar sixilo, nos termos establecidos na lexislación vixente, sobre a información á que tivesen acceso na dita condición e deberán absterse de intervir no procedemento de avaliación no suposto de que neles concorra algunha causa de abstención e recusación previstas nos artigos 23 e 24 da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*, debendo comunicar a concorrencia de tal causa ante este órgano.

Cuarto.- Notifíquese a presente resolución aos profesionais designados na forma prevista no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e publíquese na páxina web do organismo (www.sergas.es), en cumprimento da base quinta da resolución de convocatoria, tal designación.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018

A directora xeral de Recursos Humanos

Margarita Prado Vaamonde